



Expediente número: PLN/2019/14

## ACTA

Sesión Ordinaria 13/2019 celebrada polo  
Pleno do Concello o día 03 de outubro de 2019

### ORDE DO DÍA

#### PARTE RESOLUTIVA

- 1) Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria 12/2019 do 05/09/2019
- 2) Incremento do Límite Global das Gratificacións do Persoal Funcionario III
- 3) Proposta Festas Locais relativo ao ano 2020
- 4) Aprobación da Conta Xeral relativa ao ano 2018

#### PARTE DE CONTROL

- 5) Dar Conta dos Expedientes de Modificación de Crédito: MC 31/2019.TC13/19.
- 6) Actividades de control do pleno.

**6.1 Dar conta das Resolucións da Alcaldía.**

**6.2 Solicitude de Comparecencias.**

**6.3 Mocións.**

**6.4 Rogos e preguntas.**

No Multiusos da Xunqueira, habilitado como salón de sesións por resolución da alcaldía número 2019/2780 de data 30 de setembro de 2019, e sendo as vinte horas do 3 de outubro de 2019 coa presidencia da alcaldesa, Digna Rosa Rivas Gómez, e a asistencia dos/as seguintes concelleiros/as:





## **GRUPO MUNICIPAL PARTIDO POPULAR NO CONCELLO DE REDONDELA (PP)**

MARÍA CARMEN BASTOS RODRÍGUEZ

MARÍA CARMEN AMOEDO DASILVA

NOEMÍ SALOMÓN SAAVEDRA

IVÁN CRESPO RODRÍGUEZ

MARÍA JOSÉ BARCIELA BARROS

MIGUEL ÁNGEL ÁLVAREZ BALLESTEROS

MARÍA SANDRA BASTOS MÍGUEZ

ERMINDA QUELLE FERNÁNDEZ

DAVID MUIÑOS PORTELA

## **GRUPO MUNICIPAL PARTIDO SOCIALISTA (PSdeG-PSOE)**

DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ

LEONARDO CABALEIRO COUÑAGO

MARÍA CASTRO ABAD

IGNACIO EDUARDO GONZÁLEZ LAGO

MARTA ALONSO DOMÍNGUEZ

VICENTE LAMAS GUISANDE

OLGA MARÍA GARCÍA BALLESTEROS





## **GRUPO MUNICIPAL AGRUPACIÓN DE ELECTORES REDONDELA 2019 (AER)**

SUSANA COUÑAGO ANDRÉS

ROBERTO VILLAR RODRÍGUEZ

DANIEL BOULLOSA MARTÍNEZ

## **GRUPO MUNICIPAL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO DE REDONDELA (BNG)**

XOAN CARLOS GONZÁLEZ CAMPO

YÉSICA GARCÍA CRUZ

Asiste o interventor do Concello, Angel Santamariña Rivera e actuando como secretaria, a secretaria xeral, M<sup>a</sup> Ángeles García Villaverde.

Unha vez verificado pola Secretaria o quórum e a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, da que estendo a presente acta.

### INCIDENCIAS:

- 1) Con carácter previo ao tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza das vítimas da violencia de xénero.
- 2) Ratificación da inclusión na orde do día do punto relativo a Proposta continuidade do contrato de xestión de servizo público para a prestación do servizo municipal da piscina climatizada municipal de Redondela.

A Alcaldesa explica que hai que votar a ratificación da súa inclusión na orde do día, ao non estar ditaminado na respectiva Comisión Informativa. -A ratificación esíxese conforme os artigos 82.3 e 97.2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de





novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais-.

#### VOTACIÓN E ACORDO:

Sometida a ratificación do asunto a votación, apróbase por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes.

#### **1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria 12/2019 do 05/09/2019**

Dáse conta do mencionado borrador, acta da sesión ordinaria 12/2019 celebrada o día 05 de setembro de 2019, o pleno do concello.

A concelleira Susana Couñago, fai unha precisión que no punto 5º da acta, folio 9, no que se fai referencia a súa intervención manifesta que onde di “declara o seu apoio a proposta presentada polo goberno, dado que foi a resultante dun pacto PSOE e AER do ano 2015” debería dicir “ que a proposta era exactamente igual que a do ano 2015 e era entre o PP e AER”.

#### VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido a votación o mencionado borrador, apróbase, coa rectificación de AER, por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes sendo 21 votos a favor (09 do PP, 07 do PSdeG-PSOE, 03 de AER e 02 do BNG).

A Sra. Alcaldesa informa aos grupos da incorporación da nova secretaria e dálle a benvinda.

#### **2. Incremento do Límite Global das Gratificacións do Persoal Funcionario III**

#### ANTECEDENTES:





Visto o ditame da Comisión Informativa permanente de Economía e Facenda do día 23 de setembro de 2019 que di:

“A día de hoxe, obsérvase que existen importes de gratificacións por servizos extraordinarios que están pendentes de aboar tras a nómina de agosto.

É por elo que é preciso proceder a realizar as pertinentes operacións orzamentarias que poidan amparar estas retribucións pendentes de aboar aos empregados municipais.

No caso dos funcionarios, como vai supor un aumento do importe global das gratificacións extraordinarias aprobadas no seu momento polo Pleno, é preciso que a autorización para aumentar dito importe sexa outorgada polo órgano competente que é o Pleno da Corporación.

Incorpórase o informe de Intervención con referencia ASR-18.09.19.2 de 18 de setembro que consta de cinco páxinas.

En virtude do que antecede esta Presidencia, propón que a Comisión Informativa de Economía e Facenda eleve ó Concello Pleno a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Establecer o importe máximo de gratificacións en 85.298,52 €, cumprindo coas condicións establecidas no informe da Intervención antedito.”

#### INTERVENCIÓNS:

Leonardo Cabaleiro, expón que se trata de aprobar o aumento do importe global do persoal funcionario e laboral respecto das horas extras, por un importe máximo de 85.298,52 euros; cumprindo co establecido para o recoñecemento destes pagos e por iso ten que vir esta proposta

Xoan Carlos González, dálle a benvinda a nova secretaria. Redundan, no plantexamento xa exposto anteriormente polo BNG, de que é importante a planificación por parte do equipo de goberno. Se aumentan as gratificacións en case 11.000 euros, sobrepasando bastante o recoñecido na consignación do ano pasado. Hai cousas que non lle acaban de convencer como que a policía local participe en procesións, ten que limitarse a intervención do Concello. Non poden compartir a pesar das explicacións dadas.

Susana Couñago, di que está de acordo co manifestado, pero que ésta é unha situación que se arrastra de moito tempo atrás; pero que as horas están feitas e hai que pagalas, iso non implica que non se teñan que adoptar medidas e criterios para minimizar as horas extras.





Carmen Amoedo, dáselle a benvinda a nova secretaria. Di que se presentan 10.855 euros de aumento no mes de setembro, batendo records. Falaban pleno tras pleno que son cousas de antes, pero xa levan un tempo e xa tiveron tempo de cambiar e planificar. Cantidade interesante gastada polo seu goberno, respecto ao mesmo trimestre do ano anterior 27.579 € vostedes, fronte aos 7.700 euros do goberno do partido popular. Falan de organizar.... mes tras mes nos recriminaban que se fixeran horas extras, por exemplo levan vallas a festa de Reboreda, un funcionario fixo en 2 días e medio 33 horas extras. Non planifican, un auxiliar administrativo por coordinar e organizar o entroido de verán 12 horas e media o día seguinte o mesmo traballador o domingo 25, prepara o concerto de Rondalla en Chapela, para facer traballos para unha concellería do grupo AER, agora Partido Político.

Leonardo Cabaleiro, di que o que pretenden é o aforro. Recoñece que esta cantidade é elevada, pero é a herencia que lle deixaron. Que, a maior parte das horas son en reforzos da policía local e eventos do mes de agosto, que a seguridade debe primar sobre todo.

As horas extras, foron ven vistas polos departamentos do Concello e por este concelleiro e se fiscalizan con rigor.

Afirma que o PP no goberno contratou unha coordinadora por 3.993 euros para o entroido de verán e que este ano, gracias á colaboración dos funcionarios saíu moi ben.

Xoan Carlos González, di que os traballadores teñen que cobrar, e por iso se absterán.

Susana Couñago, expón que cando entraron no goberno o 23 de xuño, había 63.200 euros que se arrastraban de horas extras. Que onde máis se pagan é na policía local, se xa había este problema e non o solucionaron. Recorda que no acordo plenario no que goberno acordou o incremento de horas extras da policía local, foi aprobado por todos menos por AER.

Carmen Amoedo, Di que o cambio do novo goberno é que prefiren que un traballador faga 33 horas extras, sábado de madrugada e volve ao día seguinte e facer horas extras.

Leonardo Cabaleiro, Debeu perder a memoria do que facían de atrás. Que no mesmo trimestre do 2018 no mes de agosto foron mais de 8.000 euros e que 63.000 euros, xa viñan arrastrados.

Que o que traballe ten que cobrar e que algúns eventos se fan con traballo e vontade dos traballadores.





## VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido o asunto a votación segundo o detalle contido na proposta, apróbase por maioría dos/as concelleiros/as presentes, sendo 19 a favor (09 do PP, 07 do PSdeG-PSOE e 03 de AER) e 02 abstencións do BNG.

### **3. Proposta Festas Locais relativo ao ano 2020**

#### ANTECEDENTES:

Visto o ditame da Comisión Informativa de Interior, Transición Enerxética e Patrimonio do día 26 de setembro de 2019 que di:

“Con data 12.09.2019, rexistro de entrada número 2019-E-RC-12657, recibíuse o escrito do Servizo de Emprego e Economía Social da Consellería de Economía, Emprego e Industria no que solicitan se propoñan as festas locais para o ano 2020.

Tendo en conta o artigo 37.2 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, 45 e 46 do Real Decreto 2001/1983, do 28 de xullo, declarado vixente pola disposición derogatoria única do Real Decreto 1561/1995, do 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo.

Visto o Decreto 81/2019, do 27 de xuño, publicado no DOG Núm. 132, do 12 de xullo do 2019, polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2020.

Esta Presidencia, en virtude do que antecede, propón á Comisión Informativa de Interior que ditamine favorablemente a adopción polo Pleno dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO.-** Fixar como Festas Locais para o ano 2020:

**20 DE ABRIL – LUNS DO CRISTO**

**11 DE XUÑO – XOVES DA COCA**

**SEGUNDO.-** Remitir o presente acordo, antes do 15 de outubro de 2019, á Xefatura Territorial de Pontevedra Sede Vigo do Servizo de Emprego e Economía Social.”





CONCELLO DE REDONDELA

## INTERVENCIONES:

Leonardo Cabaleiro, expón que se trae ao Pleno a proposta habitual. O luns do Cristo, o 20 de abril e o xoves da Coca, 11 de xuño.

Xoan Carlos González, di que é unha proposta recorrente do PSOE e PP. Dende o BNG están de acordo coa Coca pero non comparten o 20 de abril, polo carácter relixioso. Plantexamos o día de San Xoan ou o 8 de marzo.

Roberto Villar: dende AER proposte o martes de entroido e o xoves da coca. O entroido é unha festividade con unha gran participación da veciñanza, católicos como non católicos.

María del Carmen Amoedo, di que o goberno segue igual sen gobernar e polo mesmo carril que ía a dereita propoñendo dous días festividade relixiosa. Que o xoves do Corpus Cristi, é por cuestións relixiosas.

Leonardo Cabaleiro, explica que son dúas datas moi sinaladas e arraigadas. Plantexa que como partido progresista, o ano que ven faremos unha consulta popular, para decidir as datas. Afirmo que non son festas soamente relixiosas, que teñen a súa penetración na veciñanza, son de interese para ela.

Xoan Carlos González, manifesta que o seu grupo absterase.

Roberto Villar, di que para o ano esperan á consulta popular que a cidadanía ten dereito a participar nestas decisións. Afirmo que AER é unha agrupación de electores.

María del Carmen Amoedo, manifesta que as persoas xa votan cada 4 anos, que o programa electoral xa di o que quere facer.

Reitera que AER xa é un partido político.

Que a xente de Redondela sabe que o xoves da coca é de Corpus Cristi, porque é historia; que consulta popular sexa de verdade.

Leonardo Cabaleiro, di que no seu programa electoral xa anunciaban as consultas populares, e faranse para mais cousas.

## VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido o asunto a votación segundo o detalle contido na proposta, apróbase por maioría dos/as concelleiros/as presentes, sendo 16 a favor (09 do PP e 07 do PSdeG-PSOE), 03 votos en contra de AER e 02 abstencións do BNG.







#### 4. Aprobación da Conta Xeral relativa ao ano 2018

##### ANTECEDENTES:

Visto o Expediente relativo á Conta Xeral do Concello de Redondela do ano 2018 co seguinte resumo:

##### ANEXO

#### CONTA XERAL DO CONCELLO

A) **BALANCE DE SITUACIÓN:** Que expresa a composición e situación patrimonial da entidade o día do peche do exercicio; resulta cun total (ACTIVO e PASIVO) de: 58.388.086,40 euros.

B) **CONTA DE RESULTADOS:** Que recolle os resultados do exercicio dende o punto de vista económico-patrimonial. Produciuse un aforro de 1.165.869,81 € (mais ingresos que gastos), clasificándoos segundo a súa fonte de procedencia nas seguintes apartados:

**INGRESOS DE XESTIÓN ORDINARIA: 16.958.645,29 €**

1) **INGRESOS TRIBUTARIOS E URBANÍSTICOS:** Está formado polos ingresos de impostos (6.984.130,09 €), taxas (1.702.353,73 €), contribucións especiais e ingresos urbanísticos, estes últimos dous sen contía. A cantidade total ascende a 8.686.483,82 €.

2) **TRANSFERENCIAS E SUBVENCÍONS RECIBIDAS:** Recolle os fluxos reais que se produzan durante o exercicio como consecuencia das subvencións e transferencias concedidas ó Concello, distinguindo as do exercicio (recibidas para financiar gastos do exercicio - 1.295.578,44 €-, transferencias - 6.852.218,20 €-, e as recibidas para cancelación de pasivos que non supoñan financiamento específico dun elemento patrimonial, 0 €), as de imputación de subvencións para o inmovilizado non financeiro (0 €). Como o último apartado, imputación de subvencións para activos correntes e outras non ten movemento, a cantidade total deste apartado ascende a 8.147.796,64 €.

3) **VENDAS E PRESTACIONES DE SERVICIOS:** Destínase a recolle-los fluxos reais producidos durante o exercicio como consecuencia das vendas, da prestación de servizos e da imputación de ingresos por activos construídos ou





adquiridos para outras entidades, non tendo movemento nin o primeiro nin o terceiro apartado, supondo deste xeito, a cantidade de 12.907,85 €.

4) VARIACIÓN DE EXISTENCIAS DE PRODUCTOS TERMINADOS E EN CURSO DE FABRICACIÓN E DETERIORO DO VALOR: sen movemento.

5) TRABALLOS REALIZADOS POLA ENTIDADE PARA O SEU INMOBILIZADO: sen movemento.

6) OUTROS INGRESOS DE XESTIÓN ORDINARIA: Está formado polos ingresos por arrendamentos e outros ingresos. A cantidade global ascende a 111.456,98 €

7) EXCESOS DE PROVISIÓNS: sen movemento.

GASTOS DE XESTIÓN ORDINARIA: 15.631.730,15 €

8) GASTOS DE PERSOAL: Recolle os fluxos reais producidos durante o exercicio como consecuencia de gastos de persoal (4.981.587,92 €) e da seguridade social a cargo da empresa (1.398.728,61 €),

9) TRANSFERENCIAS E SUBVENCÍONS CONCEDIDAS: Recolle os fluxos reais que se produzan durante o exercicio como consecuencia das subvencións e transferencias outorgadas polo Concello, tanto as correntes (1.010.169,39 €) coma as de capital (184.623,28 €), e da un resultado de 1.194.792,67 €.

10) APROVISIONAMENTOS: Destínase a recolle-los fluxos reais producidos durante o exercicio como consecuencia da consumo de bens e outro materiais, así como o deterioro de materias primas e outros aprovisionamentos. O seu importe ascendeu a 0,00 €.

11) OUTROS GASTOS DE XESTIÓN ORDINARIA: neste apartado recóllense os subministros e servicios exteriores (7.515.699,80 €), tributos (15.448,68 €) e outros (0 €).

O importe final ascende a 7.531.148,48 €.

12) AMORTIZACIÓN DO INMOBILIZADO: ascende a cantidade a 525.472,47 €.

RESULTADO DAS OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS: 1.347.374,54 €

13) DETERIORO DE VALOR E RESULTADOS POR ENAXENACIÓN DO INMOBILIZADO NON FINANCEIRO E ACTIVOS EN ESTADO DE VENDA: sen movemento nos seus tres apartados.





14) OUTRAS PARTIDAS NON ORDINARIAS: que se dividen en ingresos (20.459,40 €) e en gastos (0 €).

RESULTADOS DAS OPERACIÓNS FINANCEIRAS: -181.504,73

15) INGRESOS FINANCEIROS: presentado movemento so en valores representativos de débeda, de créditos e de outros investimentos financeiros (71.517,38 €).

16) GASTOS FINANCEIROS: que se divide nos realizados en entidades do grupo, multigrupo e asociadas e outros (41.934,18 €).

17) GASTOS FINANCEIROS IMPUTADOS Ó ACTIVO: sen movemento.

18) VARIACIÓN DO VALOR RAZONABLE EN ACTIVOS E PASIVOS FINANCEIROS: sen movemento.

19) DIFERENCIAS DE CAMBIO: sen movemento.

20) DETERIORO DE VALOR, BAIXAS E ENAXENACIÓNS DE ACTIVOS E PASIVOS FINANCEIROS: que se divide en entidades do grupo, multigrupo e asociadas e outros (211.087,93 €).

21) SUBVENCÍONS PARA O FINANCIAMENTO DE OPERACIÓNS FINANCEIRAS: sen movemento.

C) ESTADO DE CAMBIOS NO PATRIMONIO NETO: informa da contía e composición do patrimonio neto da entidade e das causas ou motivos da súa variación. Consta de tres partes: 1) Estado total de cambios no patrimonio neto, 2) Estado de ingresos e gastos recoñecidos e 3) Estado de operacións coa entidade ou entidades propietarias.

D) ESTADO DE FLUXO DE EFECTIVOS: informa da orixe e destino dos movementos habidos nas partidas monetarias de activo representativas de efectivo e outros activos líquidos equivalentes, e indica a variación neta sufrida polas mesmas no exercicio

E) LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO: Conforme ó establecido na IC estrutúrase nas seguintes partes contemplándoas cos pertinentes resumos xerais:

PRIMEIRA PARTE:

LIQUIDACIÓN DO ESTADO DE GASTOS: Que recolle o total dos créditos orzamentarios (25.565.737,39 euros), expresando os créditos iniciais (19.181.458,91 euros) e a suma das modificacións de crédito (6.384.278,48 euros); os gastos comprometidos (19.606.411,06 euros); o total das obrigacións





recoñecidas netas (18.285.569,78 € euros); os pagos (16.620.953,10 euros); as obrigas pendentes a 31 de decembro (1.664.616,68 €) e o total dos remanentes de crédito (7.280.167,61 euros).

A información preséntase a nivel da bolsa de vinculación xurídica e de aplicación orzamentaria.

## SEGUNDA PARTE:

LIQUIDACIÓN DO ESTADO DE INGRESOS: Que presenta o importe das previsións definitivas (**25.565.737,39** euros), distinguindo entre previsións iniciais (18.503.389,06 euros) e modificacións (4.315.569,07 euros), o total dos dereitos recoñecidos (18.832.674,45 euros); dereitos anulados (106.224,73 euros); dereitos cancelados (0 €); o total dos dereitos recoñecidos netos (18.726.449,72 euros); a recadación neta (16.031.797,47 euros); os dereitos pendentes de cobro a 31 de decembro (4.248.395,44 euros), así como as comparacións entre ambos por defecto e por exceso (-6.839.287,67 euros).

## TERCEIRA PARTE:

RESULTADO ORZAMENTARIO: Pon de manifesto o obtido durante o exercicio por diferenza entre os dereitos recoñecidos netos e as obrigacións recoñecidas netas, axustado polas desviacións positivas de financiamento imputables ó exercicio e polos gastos financiados con remanente líquido de tesourería, e dá un resultado orzamentario axustado positivo de 2.703.734,51 euros, de acordo co seguinte:

## RESULTADO ORZAMENTARIO

CONCEPTOS	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	AXUSTES	RESULTADO ORZAMENTARIO
a) Operacións correntes	17.295.079,92	15.024.940,52		2.270.139,40
b) Outras operacións non financeiras	1.349.861,91	2.343.206,46		-993.344,55
1. Total operacións non financeiras (a+b)	18.644.941,83	17.368.146,98		1.276.794,85
c) Activos financeiros	4.800	4.800		
d) Pasivos financeiros	76.707,89	912.622,80		-835.914,91
2. Total operacións financeiras	81.507,89	917.422,80		-835.914,91



I. RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO (1+2)	18.726.449,72	18.285.569,78		440.879,94
3. Créditos gastados financiados con RTGG			711.124,83	
4. Desviacións de financiamento negativas do exercicio			1.108.017,69	
5. Desviacións de financiamento positivas do exercicio			1.714.003,19	
II. Total axustes (3+4-5)			711.124,83	
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO (I+II)				546.019,27

F) MEMORIA DA CONTA XERAL: Que segundo a IC recolle:

1º) ORGANIZACIÓN E ACTIVIDADE: Que presenta un resumo da organización do Concello, coa poboación e outros datos de carácter socioeconómico que contribúen a identificación da entidade, norma de creación da entidade, actividade principal da entidade, o seu réxime xurídico, económico-financieiro e de contratación, a descrición das principais fontes de financiamento da entidade, a consideración fiscal da entidade a efectos do imposto de sociedades e, no seu caso, operacións suxeitas o IVE e porcentaxe de prorrata, a estrutura organizativa nos seus niveis político e administrativo, o número medio de empregados durante o exercicio e a 31 de decembro, tanto funcionarios como persoal laboral, distinguindo por categorías e sexos as entidades das que dependen, identificación, no seu caso, da entidade ou entidades propietarias e porcentaxe de participación destas no patrimonio da entidade contable e identificación, no seu caso, das entidades do grupo, multigrupo e asociadas das que forme parte a entidade contable, indicando a súa actividade, así como a porcentaxe no capital social ou patrimonio de cada unha delas, entidades dependentes, entidades públicas participadas, fundacións das que forman parte do seu padroado.

2º) XESTIÓN INDIRECTA DOS SERVIZOS PÚBLICOS, CONVENIOS E OUTRAS FORMAS DE COLABORACIÓN: presenta catro apartados:

Xestión indirecta dos servizos públicos: Que detalla os servizos que se prestan de forma indirecta e que no ano 2018 foron o servizo de explotación dun aparcamento de vehículos automóbiles, o servizo de xestión de recollida e tratamento dos residuos sólidos urbáns, servizo de xestión do servizo público “piscina climatizada de Redondela”, o servizo de xestión do servizo público





“centro de deportes acuáticos de Chapela” e o servizo de auga e saneamento. Especificase o seu obxecto, forma de xestión, prazos, Subvencións comprometidas, Bens de dominio público afectos, Achegas non monetarias, Anticipos reintegrables, data de contratación, e Bens obxecto de reversión.

Convenios: obxecto e prazo das transferencias e subvencións comprometidas.

Actividades conxuntas que non requiran a constitución dunha nova entidade e que non estean contempladas nas notas anteriores

Outras formas de colaboración público-privadas.

3º) BASES DE PRESENTACIÓN DAS CONTAS: recóllense os principios contables, a comparación da información, as razóns e incidencias nas contas anuais dos cambios de criterios de contabilización e a información sobre cambios en estimacións contables cando sexan significativos.

4º) NORMAS DE VALORACIÓN: respecto a diferentes elementos do balance.

5º) INMOBILIZADO MATERIAL: Recolle o saldo inicial, as entradas ou dotacións, aumentos por transferencia ou traspaso doutra conta, Saídas, baixas ou reducións, diminucións por transferencia ou traspaso doutra conta, corrección de valor, amortización do exercicio e Saldo final.

6º) PATRIMONIO PÚBLICO DO SOLO: Recolle o saldo inicial, as entradas ou dotacións, aumentos por transferencia ou traspaso doutra conta, Saídas, baixas ou reducións, diminucións por transferencia ou traspaso doutra conta, corrección de valor, amortización do exercicio e Saldo final. Non hai movemento.

7º) INVESTIMENTOS INMOBILIARIOS: Recolle o saldo inicial, as entradas ou dotacións, aumentos por transferencia ou traspaso doutra conta, Saídas, baixas ou reducións, diminucións por transferencia ou traspaso doutra conta, corrección de valor, amortización do exercicio e Saldo final. Non hai movemento.

8º) INMOBILIZADO INTANXIBLE: Recolle o saldo inicial, as entradas ou dotacións, aumentos por transferencia ou traspaso doutra conta, Saídas, baixas ou reducións, diminucións por transferencia ou traspaso doutra conta, corrección de valor, amortización do exercicio e Saldo final.

9º) ARRENDAMENTOS FINANCEIROS E OUTRAS OPERACIÓNS DE NATUREZA SIMILAR: Recolle a clase de activo, o importe de recoñecemento inicial, a súa valoración, a opción de compra, acordos significativos e natureza dos activos. Non hai movemento.





10º) **ACTIVOS FINANCEIROS:** Recolle información relacionada co balance, información relacionada coa conta do resultado económico-patrimonial, información sobre os riscos de tipo de cambio e de tipo de xuros e outra información.

11º) **PASIVOS FINANCEIROS:** Recolle situación e movementos das débedas, liñas de crédito, información sobre os riscos de tipo de cambio e de tipo de xuros, avais e outras garantías concedidas, e outra información.

12º) **COBERTURAS CONTABLES:** sen información.

13º) **ACTIVOS CONSTRÚIDOS OU ADQUIRIDOS PARA OUTRAS ENTIDADES E OUTRAS EXISTENCIAS:** A nivel de partida de balance se informará sobre circunstancias que motivaron correccións valorativas ou a súa reversión, o importe de custes capitalizados, as limitacións da dispoñibilidade e calquera outra circunstancia de carácter sustantivo que afecte a titularidade, valoración ou dispoñibilidade dos activos. Sen operacións.

14º) **MOEDA ESTRANXEIRA:** A nivel de partida de balance se informará dos elementos do activo e pasivo denominados en moeda estranxeira e o importe das diferencias de cambio recoñecidas no exercicio. Non tivo movemento.

15º) **TRANSFERENCIAS, SUBVENCÍONS E OUTROS INGRESOS E GASTOS:** Recolle o importe e características das transferencias e subvencións recibidas, así como sobre o cumprimento o incumprimento das condicións impostas para a percepción e disfrute das subvencións, o criterio de imputación a resultados e os importes imputados. Nun segundo estado recóllense o importe e características das transferencias e subvencións concedidas ao longo do ano.

16º) **PROVISIÓNS E CONTINXENCIAS:** sen operacións.

17º) **INFORMACIÓN SOBRE MEDIOAMBIENTE:** Recóllese por un lado as obrigas recoñecidas no exercicio con cargo a cada grupo de programas da política de gasto 17, “Medio Ambiente” e o importe dos beneficios fiscais por razóns medioambientais que afecten ós tributos propios.

18º) **ACTIVOS EN ESTADO DE VENDA:** descrición detallada dos activos en estado de venda cando o seu importe sexa significativo. Sen operacións.

19º) **PRESENTACIÓN POR ACTIVIDADES DA CONTA DO RESULTADO ECONÓMICO PATRIMONIAL:** clasifica os gastos económicos incluídos na mesma por actividades cumprindo as normas recollidas no plan.







20º) OPERACIÓNS POR ADMINISTRACIÓN DE RECURSOS POR CONTA DOUTROS ENTES PÚBLICOS: sen operacións.

21º) OPERACIÓNS NON ORZAMENTARIAS DE TESOURERÍA: Presenta información sobre acredores e debedores non orzamentarios e partidas de cobros e pagos pendentes de aplicación definitiva.

22º) CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA. PROCEDEMENTOS DE ADXUDICACIÓN: Información, por tipos de contratos, sobre os importes adxudicados segundo os diferentes procedementos establecidos na normativa vixente sobre contratación.

23º) VALORES RECIBIDOS EN DEPÓSITO: de ser o caso, recóllense os diferentes avais depositados no ente.

24º) INFORMACIÓN ORZAMENTARIA: presenta os seguintes estados:

24.1 – EXERCICIO CORRENTE:

#### GASTOS

ESTADO DE MODIFICACIÓNS DE CRÉDITO: Presentará as modificacións autorizadas durante o exercicio de acordo co regulado pola IC, cunha suma total de 6.384.278,48 euros.

REMANENTES DE CRÉDITO: presenta de modo diferente a información xa contida no estado de liquidación orzamentaria.

ACREDORES POR OPERACIÓNS PENDENTES DE APLICAR Ó ORZAMENTO: recóllese a descrición do gasto, aplicación orzamentaria á que se deba imputar, o seu importe e o importe pagado, no seu caso, a 31 de decembro.

#### INGRESOS

PROCESO DE XESTIÓN: Recolle información sobre os dereitos anulados, cancelados e sobre a recadación neta dos ingresos recoñecidos no orzamento presentando de modo diferente a información xa contida no estado de liquidación.

DEVOLUCIÓN DE INGRESOS: recóllese o pendente de pago a 1 de xaneiro, as súas modificacións, as recoñecidas no exercicio, o total de devolucións recoñecidas, as prescricións das mesmas, as pagadas no exercicio e os pendentes de pago.







**COMPROMISOS DE INGRESOS:** recóllese os incorporados de orzamentos pechados, os realizados no exercicio os realizados e os pendentes de realizar.

#### 24.2 – EXERCICIOS PECHADOS

**OBRIGAS DE ORZAMENTOS PECHADOS:** para cada ano recóllese o pendente de pago a 1 de xaneiro, as súas modificacións, as recoñecidas no exercicio, o total de devolucións recoñecidas, as prescricións das mesmas, as pagadas no exercicio e os pendentes de pago.

**DEREITOS A COBRAR DE ORZAMENTOS PECHADOS:** para cada ano recóllese o pendente de pago a 1 de xaneiro, as súas modificacións, os dereitos anulados e o total dos mesmos.

Nunha segunda parte amosa tamén para cada ano os dereitos cancelados por cobro en especie, insolvencias e outras causas e por prescricións; a suma dos mesmos; a súa recadación e os pendentes de cobro a 31 de decembro.

**VARIACIÓN DE RESULTADOS ORZAMENTARIOS DE EXERCICIOS ANTERIORES:** pon de manifesto as diferencias dos resultados orzamentarios co ano anterior.

#### 24.3 – EXERCICIOS POSTERIORES.

**COMPROMISOS DE GASTO CON CARGO A ORZAMENTOS DE EXERCICIOS POSTERIORES:** recolle a partida orzamentaria, a súa descrición e os anos á aplicar.

**COMPROMISOS DE INGRESO CON CARGO A ORZAMENTOS DE EXERCICIOS POSTERIORES:** recolle a partida orzamentaria, a súa descrición e os anos á aplicar.

**24.4. - EXECUCIÓN DE PROXECTOS DE GASTO:** entre eles recóllense todos aqueles proxectos de gasto que se levaron a través do módulo do programa contable e que as súas desviacións de financiamento supoñen parte dos axustes que se aplican nas magnitudes do resultado orzamentario e o remanente de tesourería.

**24.5 - GASTOS CON FINANCIAMENTO AFECTADO:** recolle o código asociado ó gasto, os seus datos xerais, o axente financiador, e as desviacións de financiamento anuais, positivas e negativas e as desviacións de financiamento anuais acumuladas, positivas e negativas.

**24.6. - ESTADO DE REMANENTE DE TESOURERÍA:**





<b>1. Fondos líquidos na tesourería a final do exercicio..</b>	<b>5.643.327,19</b>
<b>2. Dereitos pendentes de cobro:</b>	
<b>1.1</b> Do Orzamento corrente.....	2.694.625,25
<b>1.2</b> De orzamentos pechados.....	12.710.366,82
<b>1.3</b> De operacións non orzamentarias.....	33.362,66
<b>3. Obrigas pendentes de pago:</b>	
<b>3.1</b> Do orzamento corrente.....	1.664.616,68
<b>3.2</b> Dos orzamentos pechados.....	8.610,47
<b>3.3</b> De operacións non orzamentarias.....	272.812,78
<b>4. Partidas pendentes de aplicación:</b>	
<b>4.1</b> (-) Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva.....	2.314.973,67
<b>4.2</b> (+) Pagos realizados pendentes de aplicación definitiva.....	478,84
<b>I. Remanente de Tesourería total.....</b>	<b>16.821.174,16</b>
<b>II. Saldos de dubidoso cobro.....</b>	<b>12.628.677,87</b>
<b>III. Exceso de financiamento afectado.....</b>	<b>425.881,85</b>
<b><u>REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS..</u></b>	<b><u>+3.766.614,44 €</u></b>
<b><u>REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL.....</u></b>	<b><u>+16.821.174,16 €</u></b>

25º) INDICADORES FINANCEIROS, PATRIMONIAIS E ORZAMENTARIOS.

26º) INFORMACIÓN SOBRE O CUSTE DAS ACTIVIDADES.

27º) INDICADORES DE XESTIÓN.

28) FEITOS POSTERIORES Ó PECHE: infórmase de feitos ocorridos con posterioridade a data de peche e cuxo coñecemento considerase útil.





## CONTAS ANUAIS DE RADIO REDONDELA, S.L.

A) **BALANCE DE SITUACIÓN:** Que expresa a composición e situación patrimonial da entidade o día do peche do exercicio; resulta cun total (ACTIVO e PASIVO) de: 18.817,65 euros.

B) **CONTA DE RESULTADOS:** Que recolle os resultados do exercicio dende o punto de vista económico-patrimonial. Produciuse un resultado de 1.311,13 € (máis ingresos que gastos).

C) **ESTADO DE CAMBIO NO PATRIMONIO NETO:** Presenta as seguintes cifras:

a) Estado total de cambios no patrimonio neto: Capital e Reservas sen variacións (3.005,06 € e 722,97 € respectivamente).

b) Saldo axustado, inicio do exercicio 2018: presenta un valor de 7.537,06 €.

c) Saldo axustado, final do exercicio 2018: 15.848,19 € e presenta unha variación de 8.311,13 €.

D) **ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO:** Presenta as seguintes cifras:

a) Aumento/Diminución neta do efectivo ou equivalentes: cunha variación negativa de 5.831,12 €.

b) Efectivo ou equivalentes ó comezo do exercicio: 1.457,42 €

c) Efectivo ou equivalentes ó final do exercicio: 7.288,54 €.\*

### INTERVENCIONS.-

Leonardo Cabaleiro, di que a Conta Xeral é un documento técnico e que como é o propio se ten que aprobar. Se ben, soon as contas do 2018 do partido popular.

Xoan Carlos González, explica que se someteu a exposición pública, e se levou a comisión no mes de agosto. Que se trata dun documento técnico, que recolle os orzamentos aprobados polo PP, coa abstención AER; o BNG votou en contra porque non se axustaban as necesidades de Redondela.





Susana Couñago, Que a Conta Xeral está realizada co informe de intervención, que é un documento moi técnico, pero elo non implica que esteamos de acordo cos gastos, se ben ten que ser aprobada.

María del Carmen Amoedo, afirma que si é do goberno no partido popular. Se ve o cumprimento da regra de gasto, os resultados positivos, o aumento do remanente, se aumentaron os gastos en acción social, saneamento, parques e xardíns, xuventude, unha diminución do gasto en deuda. Se baixou o IBI e non se baixou o rodaxe porque non se aprobou por vostedes.

Leonardo Cabaleiro, di que cuestións de servizos sociais o goberno do PP solo miraban números azuis, non o benestar da cidadanía. Que investir en benestar social non é gastar.

Que a Sra. Amoedo maquillou as contas a súa maneira. Que as inversións en servizos sociais foron sempre raquílicas. Afirma que agora revisando a conta fixemos ben en non apoiar os orzamentos. Que moitas cousas que fixeron foron a través do Plan Concellos que tanto critican. Que non van caer no mesmo error e van gobernar cara a cidadanía e non de espaldas.

Xoan Carlos González, afirma que se fora un empresa o Concello tería beneficios, pero o Concello é unha administración pública e ten que ter unhas prioridades. Que o BNG nunca tivo responsabilidade nas decisións do partido popular, e non van a apoiar os orzamentos porque non os votaron.

Susana Couñago, di que gracias a bonanza dos anteriores anos, como coa recadación do catastro, se xeraron mais ingresos e se incrementaron os gastos correntes.

María del Carmen Amoedo, se refire ao Sr. González dicindo que a súa preocupación son os ingresos e os gastos e advirte que o voceiro do PSOE non deu ningún dato económico nin liu o informe do Interventor.

Leonardo Cabaleiro, opina que os orzamentos do goberno do PP teñen un carácter empresarial pero manifesta que votan a favor or por ser un documento técnico.

#### VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido o asunto a votación segundo o detalle contido na proposta, apróbase por maioría dos/as concelleiros/as presentes, obtivo 19 votos a favor, (09 do PP, 07 do PSOE e 03 votos de AER) e 02 votos en contra do BNG.





## **FÓRA DA ORDE DO DÍA: Proposta Continuidade do Contrato de Xestión de Servizo Público para a Prestación do Servizo Municipal da Piscina Climatizada Municipal de Redondela.**

### ANTECEDENTES:

Visto o informe-proposta do concelleiro de Deportes, de data 30.09.2019, que transcrita di:

“O 22 de setembro de 2004 subscribiuse entre o Concello de Redondela e Servicioc, Cultura Deporte y Recreación S.L. con CIF B-15.416.845 o contrato de concesión para a xestión indirecta do servizo público “Piscina Climatizada de Redondela”.

Por acordo do pleno en sesión celebrada o 25 de marzo de 2019 acordouse denunciar a vixencia do contrato de concesión para a xestión indirecta do servizo público “Piscina Climatizada de Redondela”, asinado o 22 de setembro de 2004 por Concello de Redondela e Servicioc, Cultura Deporte y Recreación S.L. con CIF B-15.416.845, quedando sen efectos dende a data do seu vencemento que é o día 22 de setembro de 2019.

Considerando que á data de hoxe non está adxudicado un novo contrato para a xestión do servizo público “Piscina Climatizada de Redondela” e, tendo en conta que é un servizo de uso público, de competencia propia municipal e dos servizos básicos relacionados nos artigos 25.2.l) e 26.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a cal conta con numerosos usuarios e usuarias ao que hai que engadir a perda de traballo do persoal que de interromper o servizo veríanse gravemente afectados, o que suporía un quebranto ao interese público.

É polo que formulo o seguinte INFORME-PROPOSTA:

A continuidade da xestión do servizo público “Piscina Climatizada de Redondela” ata a adxudicación dun novo contrato, que garanta a continuidade do servizo sen que se vexan afectados os usuarios e usuarias e a perda de traballo do seu persoal.”

Lido o informe emitido pola secretaria xeral municipal núm.109/2019, de data 01.10.2019 e CV 7ANMEWXKFYZFQ5CDKPLG4PLM7, que é favorable a posibilidade de aprobar un acordo de continuidade do servizo da piscina climatizada municipal de Redondela, facendo constar así mesmo que dita posibilidade non está especificamente na normativa de contratación que rexe o contrato e que se trata dunha situación que debe entenderse en todo caso excepcional, baseada no interese público que preside a continuidade do servizo de que se trata e que, ademais e sempre, a contratación pública debe





rexerse polos principios de publicidade, transparencia, igualdade e libre concorrència, debendo os órganos de contratación planificar e facer unha programación adecuada da súa actividade contractual, en base aos argumentos xurídicos esgrimidos e expostos no mesmo, en relación co suposto que se refire ao interín entre a finalización do prazo contractual de duración do contrato e a adxudicación ou formalización do novo contrato que rexa o servizo, tendo en conta que dito caso non se regulou expresamente ata o de agora na normativa de contratación pública, que son os que resumidamente se recollen a continuación:

-Normativa de réxime local, como son os artigos 127 e 128 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais así como no carácter obrigado da prestación do servizo das instalacións deportivas de uso público, como competencia obrigada para os municipios de poboación superior aos 20.000 habitantes, de conformidade cos artigos 25 e 26 da Lei reguladora das bases do réxime local.

- Sentenza do Tribunal Supremo de data 18.11.1986 na que advirte que non é propiamente unha prórroga, senón que estamos ante unha situación excepcional que require a continuidade do servizo por razóns de interese público.

- Informe da 4/2016 da Xunta Consultiva de Canarias co estudo das diversas figuras xurídicas que puideran considerarse nos supostos de análoga natureza ao presente, descartando a contratación menor, a tramitación de urxencia ou a prórroga pola tácita recondución do contrato e optando pola adopción dun acordo de continuidade do servizo, con carácter excepcional e motivado, e que teña unha duración proporcionada a necesidade de que se trate, sobre o fundamento dá salvagarda ou interese público que supón a contratación pública. A solución que se aduce fundaméntase na normativa do réxime local. En primeiro lugar tendo en conta o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais que impón ao concesionario a obriga de prestar ou servizo non modo disposto na concesión ou ordeado posteriormente pola Corporación concedente (artigo 128.1. 1º do Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e artigo 127.1).

Fundamenta o comentado informe que, a normativa de contratación non dá resolución xurídica, na normativa vixente no momento de adxudicación do contrato en cuestión, a este suposto, debendo acudir á mencionada normativa do réxime local para, mediante un acordo motivado e en virtude de garantir o interese xeral que supón a continuidade do servizo público e polo que supón respecto ao cumprimento do exercicio das competencias de carácter propio que lle atribúe a lexislación básica do réxime local.





No presente caso, o contrato ten como obxecto a xestión do servizo público da piscina climatizada municipal que, a Lei reguladora das bases do réxime local encadra como competencia propia dos municipios no seu artigo 25.2. l), a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.

Sendo ademais un dos servizos de prestación obrigatoria, as instalacións deportivas de uso público, para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes, de conformidade co artigo 26.1. c) da LRBRL.

Finalmente expón como argumento a xustificar o devandito acordo de continuidade do servizo, a posibilidade prevista na propia lexislación de contratos que permite o mantemento da vixencia dun contrato nulo, adxudicado ilegalmente, cando se dan razóns imperiosas de interese xeral, en ponderación dos intereses implicados.

- Diversos informes da Xunta Consultiva de Contratación do Estado referidos a esta cuestión, podendo destacar en concreto o 31/2017, sobre diversas cuestións sobre o pago dun contrato de xestión de servizos públicos, afirmando, en primeiro lugar, que o contrato de xestión de servizos públicos orixinal concluíu por cumprimento do prazo fixado, sen que poida entenderse válida unha modificación unilateral do prazo ou un acordo tácito das partes para a súa ampliación e que afirma, referenciando anteriores informes como o do 10 de decembro de 2018 (expediente 37/16) que “os contratos públicos están investidos dunha característica especial como é o feito de servir á consecución dun interese público. Esta circunstancia é particularmente relevante e intensa no suposto dos contratos de xestión de servizos públicos dado que, en ocasións, o obxecto do contrato é un servizo que se presta aos cidadáns, o cal está afectado polo principio de continuidade na prestación do servizo.”

Reflicte o principio de continuidade do servizo así: “O principio de continuidade do servizo foi consagrado expresamente entre as obrigacións do concesionario nas sucesivas leis de contratos (161.a) do TRLCAP, 256.a) da LCSP de 2007 ou 280.a) do TRLCSP), e ao seu tenor admítase a posibilidade de que se ordene que continúe da prestación con posterioridade á terminación do contrato.”

- Diversas sentenzas que recollen a argumentación xa exposta dos órganos consultivos en materia de contratación como a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Canarias do 01.03.1999, a Sentenza do Tribunal Supremo 892/1981, de data 13.03.1981, a Sentenza do Tribunal Supremo 7263/1986, de data 20.12.1986, e a Sentenza do Tribunal Supremo de 18.11.1986 que é corolorario da doutrina xurisprudencial exposta e que di:







«(...) non se está ante un caso de prórroga expresa ou tácita do contrato (...), senón ante unha situación excepcional en que denunciado o contrato na forma legalmente establecida e pactada, a Administración por razóns de interese público unidas á necesidade de continuidade do servizo —e mentres non se seleccione ao novo contratista— impón coactivamente a permanencia do anterior cunhas consecuencias equiparables ás producidas cando a Administración fai uso das facultades que forman o contido do " ius variandi", coa ineludible contrapartida da compensación económica a favor do contratista ou concesionario dun servizo público, como é o caso ao tratarse dun contrato de limpeza do Hospital Insular».

Considerando todo o anterior, esta Concellería PROPÓN ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Acordar, con carácter excepcional e por razóns de interese público, a continuidade do contrato de xestión de servizo público para a prestación do servizo municipal da piscina climatizada municipal de Redondela formalizado o día 22.09.2004 entre o Concello de Redondela e a empresa Servicio, Cultura Deporte y Recreación, SL con CIF B15416845, para que esta entidade continúe prestando este servizo, con suxeición ás seguintes condicións:

a) A prestación do servizo da piscina climatizada municipal de Redondela realizarase na medida que sexa compatible coa natureza desta continuidade e non contradiga o disposto neste acordo, e conforme os pregos que rexen o contrato asinado en data e con cumprimento das obrigas e deberes previstas en ditos pregos para o concesionario, así como para a Administración municipal. Realizándose conforme as condicións coas que actualmente se presta o servizo, sen máis modificacións que as necesarias que provoca a continuidade.

b) A duración desta continuidade será desde a data que se acorde a continuidade ata como máximo, sen posibilidade de prórroga, o funcionamento efectivo do servizo polo adxudicatario do novo contrato do servizo da piscina climatizada municipal.

Segundo.-Notificar aos interesados o acordo de continuidade do contrato de xestión de servizo público para a prestación do servizo municipal da piscina climatizada municipal de Redondela.

Terceiro.- Dar traslado do acordo á empresa contratista, Servicio, Cultura Deporte y Recreación, SL, para que manifieste ao seu acordo de aceptación a esta continuidade do contrato nos termos en que se formula esta proposta.







## INTERVENCIONES:

Leonardo Cabaleiro, di que preocupalle este asunto como cidadá de Redondela. Que a Alcaldesa está tendo reunións a alto nivel, porque está moi preocupada por este tema. Que a proposta trata de acordar a continuidade do contrato e, agradece o esforzo dos grupos.

A Alcaldesa pide que se lea a conclusión do informe de Secretaría.

Expón que todos teñen a documentación que se achegou e pido que se adoite esta posposta por ser situación excepcional.

Xoan Carlos González, fala de que se trata dunha concesión cunha duración de 15 anos, que se podía prorrogar pero no mes de marzo por proposta do goberno do PP, denunciaron esa prorroga, e houbo 5 ou 6 meses de tempo para traballar no prego.

Manifesta que neste caso se mezcla a mala fe, o abandono polo equipo de goberno e a manipulación dos traballadores, incluso mala fe por parte da empresa que non lle avisa aos traballadores ata unha semana antes e que van a ir ao paro.

Xa naquel momento o BNG aposta pola remunicipalización.

Susana Couñago, expón que é unha situación excepcional, que por razón de interese público, non se pode negar un servizo a toda a cidadanía e o problema dos traballadores. Están de acordo.

María del Carmen Amoedo, manifesta que non pode haber mala fe porque non fixemos nada, se pensaban obter maioría absoluta, e terían a pelota no seu tellado.

Que á sra. Couñago non lle oiu falar de remunicipalizar. Agora que son goberno, atallando co PSOE. Pregunta como vai ser ese proceso de remunicipalizar, se van a remunicipalizar, que sepamos a que xogamos e tamén os veciños. Que van a apoiar a proposta polos traballadores.

Alcaldesa: di que é un tema de urxencia porque ademáis os traballadores quedan na rúa.

Leonardo Cabaleiro, resume o informe da Secretaria municipal facendo referencia a que se trata dunha situación excepcional, que queda ben plasmado o que interesa no informe, a continuidade do servizo, e proporcionado á necesidade. Queremos salvaguardar o interese público. Con este acordo queda garantizado que os 28 traballadores van a seguir





traballando. Pregunta por qué non se fixeron os pregos cando se denunciou a prorroga. Afirmo que o goberno do partido popular non fixo nada pola continuidade do servizo. Que deberían iniciar o expediente antes de denunciar o contrato. Outro tema e o que pase despois, xa se verá con calma.

Xoan Carlos González, expón que a xestión directa ten que vir refrendada polo apoio popular e que a seguirán defendendo. A piscina é un recurso do Concello que funciona ben. Que ao subrogar aos traballadores, melloran a súa situación laboral. Que ma nova concesión nos pregos, respecto á mellora das condicións laborais, o BNG será moi estrito.

Susana Couñago, di que AER aposta pola remunicipalización. Que se teñen que estudar todo os servizos, a viabilidade, os informes técnicos, xurídicos e económicos, tratándose de servizos que afectan a todos os veciños e postos de traballo.

María del Carmen Amoedo, di que van a estudar, informes... que ten claro que non van a facer nada. Que non van a ser quen de remunicipalizar ningún servizo.

Leonardo Cabaleiro, explica que non había ningún expediente do asunto. Que a súa preocupación polos postos de traballo e que se manteña o servizo.

#### VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido o asunto a votación segundo o detalle contido na proposta, apróbase por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, obtivo 21 votos a favor, 09 do PP, 07 do PSOE, 03 votos de AER e 02 do BNG.

Agradece a Alcaldesa a responsabilidade da Corporación. Manifesta que é un dos puntos máis importantes por xestións que antes non se fixeron e así os traballadores continuarán o seu traballo.

A Alcaldesa, sendo as 21:40 horas acorda un receso na sesión. Sendo as 21:50 horas reiníciase.

#### **5. Dar Conta dos Expedientes de Modificación de Crédito: MC 31/2019.TC13/19.**

Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 31/2019.TC13/19 mediante a transferencia de crédito por importe de 11.236,10 euros, aprobada por Resolución de Alcaldía de data 18/09/2019





O Pleno do concello quedou informado do expediente administrativo de modificación de crédito, anteriormente relacionado.

## **6. Actividades de control do pleno.**

A Alcaldesa explica que hai que votar a ratificación da súa inclusión con carácter de urxencia da moción contra a Casa de Apostas no Concello de Redondela, con rexistro de entrada 2019-E-RC-13.827.

### VOTACIÓN E ACORDO:

Sometida a ratificación do asunto a votación, apróbase por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes.

### **6.1 Dar conta das Resolucións da Alcaldía.**

O Pleno queda informado das resolucións de Alcaldía.

Os concelleiros do BNG, Xoán Carlos González Campo e Yésica García Cruz abandonan á sesión ás 21.55 horas

### **6.2 Solicitud de Comparecencias.**

#### ANTECEDENTES:

Solicitud de comparecencia con entrada no concello o día 20/09/2019 con número 2019-E-RC-13.123 que se transcribe a continuación:

“En representación do Partido Popular de Redondela, solicitamos a comparecencia da Concelleira de Facenda no vindeiro Pleno do 26 de setembro co obxecto de explicar (e dar conta) en detalle os gastos do carnaval de verán ante a improvisación e deficiente organización (Propostas de gasto, contratos, horas extras, palcos, seguridade, limpeza, baños químicos, etc.”

#### INTERVENCIONES:

María del Carmen Amoedo, creen necesario a fin de comprobar a información respecto ao entroido de verán.

María Castro, expón o que segue:





Segundo o escrito presentado por Miguel Ángel Álvarez Ballesteros o día 20.09.2019, rexistro de entrada 2019-E-RC-13123 no que solicita comparecencia da Concelleira de Economía e Facenda para explicar e dar conta dos gastos relacionados co entroido de verán ante a improvisación e deficiente organización quero comezar esta exposición recordándolle que celebrado o pleno de investidura deste goberno o día 15 de xuño e o pleno de organización o 12 de xullo, faltando un mes para a celebración dun evento de tal envergadura como é o Entroido de Verán, costa entender que polo goberno saínte, un goberno tan previsor e con tanta visión de futuro, non existira ningún tipo de programación prevista para a realización do mesmo.

A diferenza do seu partido, que dispoñía de máis tempo, este equipo de goberno asimiu a organización do entroido de verán cun mes de antelación, e aínda así, e a diferenza do seu goberno non necesitou contratar unha organizadora de eventos cun caché de 4.000 euros.

Recórdolle señores e señoras do PP que os expediente e propostas de gastos realizadas polo seu goberno no ano 2018 realizáronse nos 10 días antes do celebración do evento, non debería falar de improvisación por parte deste Goberno tendo en conta estes datos.

Este grupo de goberno comezou desde o primeiro momento en que se constituíu a traballar e intertar darlle un enfoque distinto ou singular a este evento, pero evidentemente o tempo apremia e marxe de manobra era pouca.

Comunícolle que en relación cos gastos do entroido constan un total de 29 propostas de gastos. Todas e cada unha destas propostas foron elaboradas e asinadas por funcionaria ou funcionario, e posteriormente asinadas polo concelleiro ou concelleira correspondente tal e como esixe o procedemento.

Consta en cada unha desta propostas os correspondentes orzamentos segundo o solicitado aos provedores.

Quero deixar constancia de que o partido popular ten acceso a todo estes expedientes e que polo tanto xa ten constancia de todos os gastos relacionados no entroido de Verán.

Non se entende moi ben pois cal é o propósito desta comparecencia, senón outra que continuar coa súa política revanchista da que xa falaba o señor González no último Pleno.

Pois ben, voulles facer un resumo dos gastos do entroido que é o seguinte:

Os gastos contabilizados e relacionados co entroido de Verán son:





- Gastos contabilizados en actuacións relacionadas coa prevención, Punto Violeta e Arco da Vella: 8.639,40 fronte a 1447,65 euros do ano 2018 (isto é o que lle preocupa ao PP a prevención e a diversidade)
- Gastos relacionados co Plan de Seguridade e atención Sanitaria: 11.033,78 fronte a 8961,80 euros do ano 2018
- Gastos relacionados con actividades e actuacións de público infantil: 7.263 euros fronte a 5937 do ano 2018
- Contratación de actuacións musicais diversas: 12.284,50 + 1500 euros se incluímos o concerto de Vacas celebrado o día 23 na Praza da Torre. Frente a 1.844,94 euros

Por certo que non se coñecía éxito igual nun concerto celebrado neste recinto, podemos dicir que triplicouse o número habitual de asistentes e recorde que falamos dunha actuación de 1.500 euros.

Neste sentido quero felicitar a señora Alcaldesa xa que debemos a ela este acerto, foi ela a que decidiu contratar a este grupo poucos días despois da súa toma de posesión.

Xa sabemos señora Barciela que a vostede non lle gustou nada este concerto porque as letras das canción falaban de facer o amor. Debe ser que os fillos e fillas do partido popular nacen por concepción divina.

- Necesidades de montaxe para as diferentes actuacións nas que incluímos escenarios, equipos de son, iluminación e outros: 15648,93 euros. Frente a casi 28000 euros.
- Carpas 2420 euros, fronte a 1815 do 2018
- Aluguer de 53 baños 14.408,08 euros fronte ao aluguer de 30 baños por importe de 9.974,53 euros
- Plataforma para discapacitados 665,50 euros. ( Si este goberno está sensibilizado coa diversidade e lémbrese dos discapacitados). PP cero euros
- E por último alugueiro dunha barreira anticontaminación colocado no río 1.149,50., PP cero euros.

Falamos polo tanto dun gasto total polo entroido de verán de 82.166,30 euros.

Podemos dicir que este goberno aforrou arredor dun 30% con respecto ao mesmo evento celebrado do 2018.





En canto as horas extraordinarias vamos a distinguir entre as horas extraordinarias realizadas polo servizo de vías e obras e limpeza viaria e a policía local.

No caso do persoal de vías e obras e servizo de limpeza viaria están contabilizadas, entre os días previos, día de celebración do evento e día posterior un total de 28 horas extras normais, 54 horas extras dobres e 79 horas extras triples que suman un importe total de 3.839 euros.

En canto ás horas extras realizadas polo servizo de policía local están contabilizadas un total de 112 horas dobres e 107 horas triples por un importe total mde 6.425,00 euros. 23 policías, una media de 9 horas por policía

Total horas extraordinarias relacionadas con traballos realizados co entroido de verán 10.264 euros.

Quero facer constar que no ano 2018 as horas extras abonadas en relación con este evento foron 8.557,00, pero a este importe habería que sumarlle a contratación dunha empresa de limpeza que prestou servizos por importe de 5.808 euros.

Habería outros gastos do entroido de verán do ano 2018, organizado polo Partido Popular que me gustaría mencionar como por exemplo o gasto de pola contratación de coordinación e venda de vasos de cubata.

Falamos dunha proposta de gasto asinada pola Concelleira de Eventos, en vez de por un funcionario e polo señor alcalde o día 10 de agosto, 8 días antes da celebración do evento por un importe total de 3993 euros.

Neste sentido gustaría saber cal é ese traballo de coordinación polo que se contrataba a esta coordinadora, xa que non consta expediente, memoria ou organigrama dos traballos polo que se contrata.

Habería que falar tamén dun pequeno detalle que cando menos mostra un pouco de incongruencia en canto o plantexamento do evento, xa que o partido popular presume de ter feito unha fabulosa campaña 0´0, 0 alcohol e cero agresións, pero resulta que merca vasos de cubata por importe de 400 euros e gasta en prevención pouco máis de 100 euros. Ridículo cando menos.

Pero xa falaremos de improvisación e falta de organización no seguinte turno.

María del Carmen Amoedo, pide a sra. Castro que non se enfade, dille que ten que comparecer, é a súa obriga. Interpela dicindo que “non nos vai a decir María José e min como se fan os fillos”, e pide respecto polos demais.





Lles faltan tempo pero a alcaldesa xa contratou ese grupo que tanto lles gusta. Solo para iso?

Manifesta que entrou nos expedientes e aínda así non tivo todos os datos. Refírese a empresa de rotulación cunha proposta de gasto que entra no Concello o 29 e a festa foi o 24. Non temos constancia de cando se pediu e como, ese orzamento, pedida por AER. O mesmo cos carteis, dípticos, data do 27 de agosto.

Di que se separan orzamentos para un mesmo evento, e parece fraccionamento. .

Que houbo desorganización, improvisación e incumprimento dos procedementos económicos do Concello.

Son incapaces de dar a imaxe de transparencia que tanto vendían na campaña electoral. Foi un auténtico fracaso.

María Castro, reconece o erro nunha proposta de gasto.

Señora Amoedo fala dunha proposta de gasto realizada para o entroido de verán que debería facerse con contrato, correcto señora amoedo este goberno reconece que comete erros, pero se falamos de propostas de gastos mal feitas podemos falar da proposta de gasto do entroido de verán do ano 2018 solicitada polo técnico de normalización lingüística pero asinada pola concelleira de eventos e polo Alcalde Javier Bas. Proposta de gasto por importe de 10.2014,40 euros, proposta de gasto que debería tramitarse por contrato.

Señora Amoedo di vostede que que unha proposta de gasto esté feita non significa que estean fiscalizadas, pero señora Amoedo normal que as propostas de 2019 non estean fiscalizadas, están por tramitar, pero infórmolle que todas, todas as propostas de gasto do entroido de verán do ano 2018 están sen aprobar.

Parece que o partido popular cando fala de improvisación sabe moi ben do que falan xa que levaban o termo de improvisación por bandeira.

Lémbrolles señores concelleiros e señoras concelleiras do partido popular que este goberno ten acceso a os expedientes e que polo tanto sabe con certeza o organigrama de traballo, a forma de traballar do partido popular.

Improvisación?????. Improvisación é o Chapela Fest señores e señoras do partido popular.







Gran evento celebrado o día 27 de abril, acto de clausura das eleccións, propaganda electoral.

Pois ben, este evento, cun caché desorbitado, que se pode tildar de fracaso absoluto sobre todo vendo as fotos do público asistente e que tivo un orzamente cercano aos 30.000 euros.

Este evento é o claro exemplo dun traballo improvisado e falta de organización.

Todas as propostas de gasto relacionados con este evento están tramitadas de forma fraudulenta xa que non consta sinatura de funcionario ou funcionario pertinente e están todas realizadas o día 26 de abril, exactamente un día antes da celebración do evento.

Pero o que destaca sobre todo é que esta falta de improvisación non se pode entender cando este evento conta con unha organizadora, coordinadora de eventos, que cobra por este traballo 3.418,25 euros.

Pero a improvisación do partido popular non queda aquí, porque aínda contando co dudoso traballo dunha coordinadora atopámonos cunha factura dunha actuación deste festival por importe de 8.170 euros que nin conta con proposta de gasto nin con contrato.

Pero o que está claro é que o dudoso traballo desta coordinadora non era un caso illado senón que no último ano foi repetitivo, xa que o goberno do PP contou coa súa colaboración en actos como a Gala do Deporte, Entroido de Verán ou Día do Maior.

Recibindo pola suposta coordinación destes 4 eventos un total de 16.814 euros.

Si, aínda que lles pareza increíble, si esta persoa recibiu 16.814 euros pola coordinación de 4 eventos.

Gustaríamos saber cal era o traballo desta coordinación, cales eran en realidade as funcións de esta figura porque non existe expediente nin memoria de traballo que xustifique un custe tan elevado.

Debe tratarse dun traballo fantasma como eses convenios que o seu goberno asinaba coa Xunta de Galicia e que non dan aparecido,

Esta era a improvisación e forma de traballar do partido popular.

Pero poderíamos pasar días enteiros falando de estrañas propostas de gasto, como a elaborada para mercar dúas vallas publicitarias nas que aínda non existe proxecto redactado.







Vallas colocadas con nocturnidade e aleivosía en plena campaña electoral coa única intención de enganar a cidadanía.

Vallas por importe de 700 euros pagadas con diñeiro de tódolos veciños e veciñas de Redondela.

Outra das propostas estrañas do partido popular é asinada polo persoal de confianza, unha proposta de casi 4.000 euros para mercar vallas publicitarias que volven a anunciar outra obra cuxa redacción do proxecto está por realizar, e ademais poderíame explicar que é o Barrio das Artes, porque hai unha proposta de gastos para realizar carteis que anuncian o Barrio das Artes, podería dicir señora Amoedo que é o Barrio das Artes?

Comparecencia remata.

Os concelleiros do BNG, Xoán Carlos González Campo e Yésica García Cruz reincorporanse á sesión ás 22.20 horas

## **6.3 Mocións.**

### **6.3.1 Moción Conxunta PSOE e BNG Contra a Casa de Apostas.**

#### ANTECEDENTES:

Moción Conxunta PSOE e BNG contra a Casa de Apostas con entrada no Concello o día 03.10.2019 con número 2019-E-RC-13827 que se transcribe a continuación:

“O aumento e case normalización do xogo e das apostas está suscitando unha enorme preocupación social así como o alarmante incremento da instalación de casas de apostas e salas de xogo por toda Galiza que crece amparada por unha lexislación laxa e obsoleta do ano 1985 que xa non da solución as novas formas de comercializar os xogos de azar e apostas.

O retraso na modificación da lai do xogo de Galiza claramente propiciou a proliferación das casas de apostas, das salas de xogo e a instalación das máquinas comecartos. O goberno galego reaccionou tarde e mal, xa vai tarde a tramitación dunha nova lei e tamén chegou tarde a orde coa moratoria na apertura de novas salas, actualmente hai autorizadas 118 salas de xogo e 41 casa de apostas.





A implantación destas casas de apostas en barrios das grandes cidades ou en vilas como a nosa está a crear graves problemas sociais e de saúde pública entre os que cabe sinalar a adicción ao xogo por parte da mocidade. Un estudio da Unidade de Psicoloxía do consumidor e usuario da Universidade de Santiago de Compostela conclúe que 1 de cada 4 menores recoñece ter apostado cartos algunha vez e un 10% dos menores recoñece estar apostando na actualidade.

A necesidade de abordar especificamente o problema da participación en xogos de azar e apostas dos menores de idade leva a que non se entenda que a instalación da casa de apostas en Redondela sexa autorizada na rúa Ernestina Otero 47 coa proximidade do conservatorio, colexio de infantil, colexio de primaria, 3 institutos dos que 1 está xusto en fronte da porta, así como das máis importantes instalacións deportivas existentes no centro da Vila (pavillóns, campo de fútbol, pista de baloncesto, skate, padel, tenis...).

Por todo o exposto, cando o pasado mes de setembro tivemos coñecemento de que as obras que se estaban a realizar no local en planta baixa do edificio sito na rúa Ernestina Otero 47 eran para acondicionalo como casa de apostas ou salón de xogo, colectivos e persoas a nivel individual acordamos mobilizarnos conta a instalación deste negocio que está a supor unha LACRA SOCIAL alí onde se ubica.

O luns 23 de setembro foi a primeira das concentracións que dende a Coordinadora temos programadas e foi secundada por máis de douscentos veciños e veciñas de Redondela, o luns 30 de setembro vimos de ter a segunda concentración diante do local e contra a apertura e outra vez a veciñanza de Redondela apoiou de forma contundente esta mobilización.

Estas dúas concentracións apoiadas con contundencia son a mostra de que a sociedade redondelá comparte a fonda recuperación desta coordinadora pola apertura dunha casa de apostas en Redondela e non sen razóns fundadas.

Polo anteriormente exposto, a Coordinadora contra a casa de apostas en Redondela solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO:

1. Que os grupos políticos con representación no pleno do concello se posicionen en contra desta instalación.
2. Que o concello emita informe desfavorable, tendo en conta o argumentado na exposición de motivos (saúde pública, proximidade de zona escolar e deportiva pola que transitan centos de moz@s diariamente, etc).





CONCELLO DE REDONDELA

3. Que o pleno do concello de Redondela inste a Xunta de Galicia ao revogamento da autorización concedida no mes de abril para esta instalación.”

### INTERVENCIONES:

Xoan Carlos González, o BNG decidiu abandonar porque se esta furtando e se bloquea o debate das mocions. Comparecencias antes que as mocions, non van a asistir. Se falou en Xunta de Portavoces.

A Alcaldesa que estar de acordo entre todos para cambiar o regulamento.

Xoan Carlos González, lectura da mocion.

A Secretaria, aclara que o punto número 2 do acordo “Que o concello emita informe desfavorable, tendo en conta o argumentado na exposición de motivos (saúde pública, proximidade de zona escolar e deportiva pola que transitan centos de moz@s diariamente, etc)”, non se axusta a legalidade, nin en canto a competencia nin ao contido.

A Alcaldesa propón votar si se retira o punto do acordo número 2.

Xoán Carlos González, teñen unha emenda. A coordinadora quere que se vote por puntos.

Susana Couñago, afirma que debe quedar claro que o punto número 2 non se pode votar.

Xoán Carlos González, non comparten o criterio porque é o Concello o que fai a Declaración Institucional.

A Alcaldesa, sendo as 22:35 horas acorda un receso na sesión. Sendo as 22:45 horas reiníciase.

A Alcaldesa, propón que o punto 2 quede do seguinte xeito “Que o Concello emita unha declaración institucional en contra tendo en conta o argumentado na exposición de motivos.”

### VOTACIÓN E ACORDO:

Sometida a ratificación do asunto a votación, apróbase por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes.





CONCELLO DE REDONDELA

Susana Couñago, explica que moralmente todos e cada un estamos en contra desta instalación. Moitos estudos que din que se está incrementando a adición. Pero pensan que os locais onde está regulado non é o máximo perigo. O máximo perigo está en internet, acceso a menores sen ningún tipo de control, con dispositivos móbiles. O problema aquí é que está cerca dos centros escolares. Toda a razón. Pero nos preguntamos se este local concreto é o mais próximo onde hai máquinas de recreo ou azar. Se non hai locais mais próximos onde hai máquinas de xogo, con apostas, sen control ou acceso. Si falamos dun local concreto que ten uns permisos non estamos de acordo. Manifesta que é preciso apostar na educación, administración con competencia, e que si esta actividade cumpre a normativa hai que dala, pois é un acto reglado.

Leonardo Cabaleiro, di que dentro das posibilidades que tiñamos, preocupámonos e empezamos a actuar, con declaracións da propia Alcaldesa, manifestando o seu desacordo. Así o PSOE estivo presente nas dúas manifestacións. Non comulgamos con esta lacra social. A competencia é da Xunta en este tipo de permisos. O concello requiriu toda a documentación posible. A día de hoxe as obras están paradas por requerimentos. A Alcaldesa quedou coas ANPAS e coa coordinadora para unha reunión técnica que terá lugar este próximo luns. Se fará unha exposición pública no DOGA para alegacións, dándolle a máxima difusión. Pide o compromiso e responsabilidade de todos os partidos para obstaculizar esta casa de apostas.

María del Carmen Amoedo, entenden que a coordinadora o que quere e un posicionamento. A nosa posición é en contra completamente. Xa sabemos que hai informes técnicos, pero o que piden é un apoio institucional. É do que temos que falar.

Xoán Carlos González, di que venlle de marabilla ao PP que se presente esta moción. Eluden a súa responsabilidade, que tiveron e teñen. O BNG estudou este expediente e alertar nunha xuntanza que convocaron. É responsabilidade dos políticos, o noso papel de forzas políticas. Pregunta si se vai a presentar unha proposta no parlamento.

Coincidimos coa análise de internet, pero sí podemos presionar para que non poña en funcionamento.

Reflexiona afirmando que, como hai lei, non nos manifestamos en contra do catastrazo, peaxe, autoestrada... Nos que iamos a ser transformadores da realidade de Redondela, como hai lei non nos manifestamos. O BNG vai facelo aínda que haxa lei.

Susana Couñago, Deben contar co apoio dos veciños pero a forza debe radicar neste caso na veciñanza. A dúbida dentro da agrupación, é que parece que





estamos en contra deste local e hai outros e igualmente hai apostas, en menor escala. Favorecen este problema. E non se fai nada.

A Alcaldesa, pide que non se faga un debate paralelo.

Leonardo Cabaleiro, se trata non solo de prohibir senón de concienciar. Os clubs de fútbol salvo a Real Sociedad publicitan casas de apostas. Si, o PSOE levará iniciativas parlamentarias, o logro será tomar medidas mais drásticas. Non é prohibir o xogo. Non vamos a darlle a benvida. O PSOE xa pactou con Unidos-Podemos aprobou un regulamento do xogo online, para educar e concienciar. O PSOE vai facer as xestións, a competencia é da Xunta de Galicia, onde estivo e onde está o partido popular. Non estivo en ningunha manifestación da coordinadora.

María del Carmen Amoedo, di que non vai facer debate político. Pregunta onde estaba o PSOE cando o PP presentou a proposta da modificación da lei e non a apoiaron. Que apoian que se tomen todas as medidas necesarias.

Xoan Carlos González, É moi importante a presión veciñal porque solo co traballo político non é posible. Que os accesos e saídas son os viais polos que saen or rapaces e non cumpren os 150 metros e cree que si hai posibilidade de manioobra.

#### VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido o asunto a votación segundo o detalle contido na proposta, aprobase por unanimidade dos membros presentes, sendo 21 votos a favor (09 do PP, 07 do PSdeG-PSOE, 03 de AER e 02 do BNG).

Agradece a Alcaldesa á coordinadora.

#### **6.3.2 Moción Conxunta PSOE, AER e BNG sobre as Melloras na Atención Primaria nos Centros de Saúde do Concello de Redondela.**

#### ANTECEDENTES:





Moción Conxunta PSOE, AER e BNG sobre as Melloras na Atención Primaria nos Centros de Saúde do Concello de Redondela con entrada no Concello o día 26.09.2019 con número 2019-E-RE-2089 que se transcribe a continuación:

“A atención sanitaria pública de calidade, constitúe un dos eixos diferenciais dunha sociedade avanzada e moderna. Universalizar este servizo, mantendo as mellores cotas de eficacia, convértese nunha das responsabilidades que calquera goberno debe considerar prioritaria. Unha dotación orzamentaria axeitada, a formación dos traballadores e traballadoras sanitarios, as políticas preventivas, a atención primaria axeitada, substentan o sistema ao que a sociedade galega aspira.

No concello de Redondela existen actualmente dous Centros de Saúde, o de Redondela e o de Chapela, para a atención dos nosos veciños e veciñas. O primeiro, tamén exerce de Punto de Atención Continua, tanto de todo o noso concello como dos concellos veciños de Pazos de Borbén e Fornelos de Montes. Neste mesmo equipamento sanitario, préstase servizo de urxencias as vinte e catro horas do día.

Entre ambos os dous Centros de Saúde, préstanse diversos servizos de asistencia sanitaria: Atención Primaria, Pediatría, Matrona, Fisioterapia, Hixienista Dental. As ratios de médico de atención primaria por número de cartillas, ronda os 1.200. Mais durante os meses de verán, o disfrute das pertinentes vacacións, se non se suma algún tipo de baixa temporal, aumenta ditas ratios. Deste xeito, estas ausencias de falcutativos e facultativas pasan a ser distribuídas entre polos compañeiros e compañeiras, sen que ditas ausencias por disfrute vacacional sexan suplidas. Deste xeito agudízase a situación da atención sanitaria pública de Redondela e Chapela. Isto supón que en moitas ocasións, grande parte de pacientes, opten por acudir ao servizo de urxencias, co conseguinte colapso.

Ante as numerosas denuncias de todo tipo que dende algúns veciños e veciñas teñen transmitido ao Bloque Nacionalista Galego, consideramos necesario levar a cabo diversas iniciativas de denuncia e presión. Ata quince días en tramitar unha consulta, non suplencia de matrona, os e as propias profesinais desbordados ... A resposta por parte do SERGAS, desprestixiar a quen se fai eco destas eivas. Froito destas denuncias axilizouse a atención pediátrica e de matrona.

O ata agora exposto no caso dos Centros de Saúde de Redondela e Chapela, constitúen os exemplos máis cercanos da liña política seguida nos anos do goberno **Feijóo: recortes na sanidade pública, privatizacións, atención sanitaria desprestixiada,...** O deterioro da atención primaria, aboca a moitos e moitas doentes a remitirse á atención de urxencias, e atención hospitaliria. Eis





neste eido, o principal obxectivo das políticas antisociais do goberno galego: aumento das hospitalizacións fomentando a privatización dos hospitais públicos ou os concertos con hospitais privados.

Dende hai meses diversos sectores do mundo da sanidade, organizados en Plataformas veñen celebrando diversas actuacións reivindicativas, para chamar a atención sobre o deterioro na atención primaria: falta de medios, non substitución do persoal, sobrecarga nos compañeiros e compañeiras, contratacións en precario. Tamén nos centros de Saúde do noso concello, unha vez a semana estanse levando a cabo concentracións destes profesionais, para chamar a atención da veciñanza.

No medio de todo este deterioro, os máis afectados: os e as doentes.

Redondeláns, que asisten aos centros de saúde para seren tratados, con suficiente atención e rigor, que a sobrecarga de traballo impide por parte dos médicos e médicas.

Retrasos nas citas hospitalarias, facultativos/as que non poden atender de xeito ordinario

aos seus doentes por teren que atender de urxencia aos dos compañeiros/as,...

Este panorama obríganos, dende o Bloque Nacionalista Galego a presentar esta

Moción, na que se recollen os seguintes:

#### ACORDOS:

1. Instar á xerencia da Xestión Integrada de Vigo á substitución de todo o persoal sanitario tanto por incapacidade temporal como por desfrute de vacacións ou permisos.
2. Instar ao goberno da Xunta de Galiza, ao aumento das partidas na atención primaria nos vindeiros orzamentos do ano 2020.
3. Apoiar as reivindicacións do persoal sanitario dos Centros de Saúde de Redondela, en aras a unha mellora na Atención Primaria.”

#### INTERVENCIONS:

Xoan Carlos González, xustifica a moción. Expón que os facultativos non son substituídos e isto se agrava nos períodos de vacacións ou baixa, porque o







persoal sanitario se reparten os pacientes. Que si o servizo é de calidade se reduce a atención hospitalaria. Respecto á situación dos centros de saúde de Redondela, para chamar a atención dos usuarios fan concentracións os xoves reclamando a calidade da atención primaria.

Daniel Boullosa, apoian a moción. Explica que en data de decembro de 2016, xa trouxo unha moción semellante, referente as centros de saúde de Redondela. Consideran que algo está a suceder cando dimiten os directores dos centros da comarca de Vigo.

Olga María García, están a favor da moción. O señor Alberto Nuñez Feijoo puxo en marcha unha estratexia sanitaria baseada en reducir a parte pública e potenciar a parte privada, abandoa a promoción e a prevención de saúde para centrar o sistema na reparación da enfermidade para facer negocio e transformou o sistema sanitario nunha gran oportunidade para as empresas como aparece recollido sen pudor e sen tapuxo na reforma de Lei Galega de Saúde aprobada recentemente.

Neste escenario a atención primaria e a saúde publica teñen pouco que facer absorbidas por hospitais nos que as multinacionais e fondos de inversión están desembarcando como é o caso do hospital de Vigo, o Hospital Dominguez de Pontevedra ou o Quirón de A Coruña.

O presidente da Xunta puxo en marcha tres medidas fundamentais:

- 1- Paralizar o plan de mellora de atención primaria que contemplaba o aumento de personal, inversión en novos centros e equipamento.
- 2- Acabar coa autonomía da xestión da atención primaria creando estruturas de xestión e suprimindo as xerencias.
- 3- Fixo desaparecer a Saude Publica a pesar de que algúns indicadores de salud sitúanos a cabeza do estado e de Europa como no tabaquismo, na obesidade e no cancro de pulmón.

Unha das maiores consecuencias e o aumento de pacientes que deben atender cada médico que impiden a atención de calidade e ademais deben esperar varios días para ser atendidos.

A realidade e que a poboación está frustrada e indignada e estase a rebelar.

O 80% dos xefes de servizo dos centros de saúde dimitiron.







Dende varias asociacións estase a pedir o aumento no presuposto e recuperar o persoal recortado nos centros de saúde, e ademais acabar coa precariedade dos profesionais que deben emigrar de Galicia.

María del Carmen Amoedo, afirma que xa se nota que estamos na campaña electoral. Manifesta que se pide o apoio dos grupos e ó grupo mais votado de Redondela non lle pida o apoio.

Expón que, se de algo pode presumir Galicia é de sanidade pública. Respecto a Andalucía ou Cataluña, nada que ver. Temos un dos mellores hospitais de Europa, o Álvaro Cunqueiro, nada privatizado, estamos de acordo en instar a que se mellore o servizo. O problema non é de cartos, non hai persoal para cubrir as substitucións. Non hai médicos. Queren vir aquí a mezclar as necesidades dos redondeláns coa política autonómica.

Xoan Carlos González, Non fixo ningunha referencia aos centros de saúde de Redondela. Mañan terá que explicarlle aos votantes cando hai mala atención, servizos saturados, que hai unha boa atención sanitaria. Utilicen a mobilización en contra de peaxe. Si se deteriora a atención primaria se xeneran problemas o ámbito hospitalario.

Daniel Boullosa, non hai intervención.

Olga María García, aclara á sra. Amoedo que se di que o Álvaro Cunqueiro é o primeiro hospital debe ser porque non é usuaria. A lista de espera é tremenda. A responsable dos servizos sociais caeu de baixa en Redondela e non foi substituída.

María Carmen Amoedo, di que o orzamento supón un 40% para as competencias sanitarias. Ao señor González, acláralle que falou sempre de que en todos as áreas sempre son mellorables.

En Redondela dous centros que están ben dotados, aínda que poden mellorarse.

Xoan Carlos González, fai referencia a un informe da Valedora do Pobo no que expón que atención primaria si está deteriorando. Chapela: 2 colleron as vacacións, 1/3 do persoal e non se substitúe. Redondela: 14 facultativos, 11 de maña mantiveron 7, aproximadamente 1/3 non substituídos. Cando non houbo matrona o BNG puxo a denuncia e o día seguinte se comezou a solucionar.





## VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido o asunto a votación segundo o detalle contido na proposta, aprobouse por unanimidade dos membros presentes, sendo 21 votos a favor (09 do PP, 07 do PSdeG-PSOE, 03 de AER e 02 do BNG).

Xustificación do voto. María Carmen Amoedo, aclara que non esta de acordo co expositivo pero os puntos son bos para Redondela e poe iso os apoiamos.

### **6.3.3 Declaración Institucional Emerxencia Climática.**

A Corporación en Pleno do Concello de Redondela, procede á seguinte declaración institucional:

#### ANTECEDENTES:

Declaración Institucional sobre a Emerxencia Climática que se transcribe a continuación:

“Diríxense ao pleno do Concello de Redondela e aos grupos políticos para instalos ao recoñecemento do estado de emerxencia climática no que nos atopamos mediante a adopción da presente moción e as medidas que dela se deriven.

O Concello de Redondela recoñece que o planeta, así como os seres vivos e os ecosistemas, atópanse en grave perigo, proba diso son os recentes informes sobre o estado da biodiversidade do IPBES e sobre o quecemento global de 1,5 °C do IPCC, que alertan dun rumbo que leva á extinción dunha gran parte dos ecosistemas terrestres. Un millón de especies están ameazadas pola actividade humana. Tamén se está ao bordo do punto de non retorno fronte ao cambio climático.

Non responder ante a crise ecolóxica e civilizatoria suporía a morte de millóns de persoas, ademais da extinción irremplazable de especies imprescindibles para a vida na Terra, dadas as complexas interrelacións ecosistémicas.

Nese sentido aceptamos a verdade da crise climática sobre a gravidade da situación. Admitir as evidencias científicas, así como, o camiño de redución das emisións proposto é a única forma de protexer a existencia dun futuro para o municipio. A cidadanía debe de entender a urxencia e irreversibilidade desta loita e o Concello de Redondela pode desempeñar un papel clave na formación, educación e información sobre o necesario freo ás emisións e





realizar unha vital adaptación ás consecuencias do incremento da temperatura global.

Declarar a emerxencia climática require asumir o cumprimento de compromisos políticos reais e vinculantes, moito máis ambiciosos que os actuais, coa consecuente asignación de recursos para facer fronte a esta crise. Unha folla de ruta vinculante capaz de garantir as reducións de gases de efecto invernadoiro anuais necesarias, abandonar os combustibles fósiles, apostar por unha enerxía 100 % renovable e reducir a cero as emisións netas de carbono canto antes, de maneira urxente e prioritaria, en liña coas indicacións do informe do IPCC para limitar o aumento das temperaturas globais a 1,5 °C. Un estado de emerxencia implica redirixir todos os recursos dispoñibles dos Concellos para afrontar a crise climática cos problemas asociados que leva.

A declaración de emerxencia climática supón iniciar un proceso de educación, formación e concienciación a toda a poboación sobre a verdade da crise ecolóxica e o enorme cambio necesario frear a emerxencia. Ante esta emerxencia o Concello comprométese a iniciar este proceso de transformación social e asegurar a plena consecución dos seguintes obxectivos xerais.

#### O CONCELLO DE REDONDELA COMPROMÉTESE A:

1. Establecer os compromisos políticos, normativas e recursos necesarios para garantir reducións de gases de efecto invernadoiro para chegar ao balance neto cero non máis tarde de 2040 e se é posible antes de 2035, así como deter a perda da biodiversidade e restaurar os ecosistemas como única resposta posible para evitar un colapso de todos os sistemas naturais, incluído o humano.

2. Abandonar os combustibles fósiles, apostando por unha enerxía 100 % renovable de maneira urxente e prioritaria. Para iso os gobernos municipais deben analizar como lograr este obxectivo e propor os plans de actuación necesarios, entre outros, frear novas infraestruturas fósiles, alcanzar o pleno autoconsumo eléctrico 100% renovable e unha mobilidade sustentable canto antes, crear espazos peonís, fomentar a bicicleta e outros medios de transporte non contaminantes, reducir a demanda de enerxía até consumos sustentables, promover o aumento da eficiencia enerxética e das instalacións renovables, crear espazos educativos e a información á poboación sobre a emerxencia climática, alcanzar unha política de residuo 0, evitar entre os bancos cos que traballa o municipio aqueles que financien proxectos baseados en combustibles fósiles, apoiar a xestión dos montes comunais enfocada á recuperación da terra fértil e o freo da erosión. A recuperación dos acuíferos, a recuperación dos pastos a través da xestión intelixente do territorio, determinar apoios e beneficios fiscais para a repoboación do rural, que desenvolve funcións craves





de mitigación do cambio climático e abordar proxectos de rexeneración rural, ecolóxica e humana.

3. É necesario avanzar, entre outras, nunha economía local e de proximidade, que impulse a soberanía alimentaria, silvicultura, acuicultura, agricultura e gandaría ecolóxica e de proximidade. Alcanzando canto antes a plena subministración agroecolóxica nos servizos de restauración municipais e estendéndoos ao resto da poboación.

4. Iniciar a necesaria adaptación dos municipios á crise climática, coas consecuencias do incremento da temperatura global, as ondas de calor, a irregularidade das precipitacións, o aumento do nivel do mar e outras manifestacións que xa se están manifestando.

5. A xustiza, a democracia e a transparencia deben ser alicerces fundamentais de todas as medidas que se apliquen, polo que é preciso establecer un mecanismo de toma de decisións cidadán de carácter vinculante con competencias en materia de vixilancia, seguimento e control das medidas adoptadas. Para iso será necesario establecer indicadores e obxectivos verificables e cuantificables. Faise necesario garantir que este mecanismo integre especialmente a visión de xénero e doutros colectivos vulnerables.”

A Alcaldesa. Aclara que o prazo para para presentar as presuntas é 24 horas antes.

## 6.4 Rogos e preguntas.

### PREGUNTAS:

#### **Preguntas formuladas polo GPM PP relativa a varios temas (Rex. Entrada 01.10.2019, 2019-E-RPLN-19).**

No pasado pleno o Partido Popular preguntou cal era o movo polo que non se puxera a bandeira sen fume na praia de Arealonga. As respostas por parte do concelleiro responsable de medio ambiente foron varias, entre elas, estaba que tiña cousas mais importantes que facer e que non tivera tempo (a pesar de que si tivo tempo a coller vacacións).

Tamen se queixou de que ese tipo de preguntas non facía falla traelas o pleno e que chegaba con facer a pregunta por rexistro.





O pasado 13 de setembro presentamos por rexistro unha petición de información sobre as vespas velutinas que a día de hoxe aínda non foi contestada. E por iso que ante o silencio do Concelleiro vémonos na obriga de traer a pleno a pregunta para ver si agora temos resposta.

¿Cantas peticións de retirada de niños de vespas velutinas tiveron dos veciñ@s, entre o 15 de xuño e o 15 de setembro?

**RESPOSTA:** O concelleiro Roberto Villar contesta deixa claro, sobras as miñas vacacións. Informase, estañan fallando a verdade, este concelleiro non estivo de vacacións, o 17 de xuño presentou un escrito que renunciaba a salario. Non tiña ningunha relación laboral no concello. Compaxinando o traballo coa labor do concelleiro, e en agosto 5 días. Estamos na era dixital.

13 de setembro, meteu un escrito por rexistro, que deixa moito que desexar e o meter por sede electrónica, preguntando por unha cousa que terminaba o 15 de setembro. Non ten logo do partido, se contestou de maneira persoal e saíu o día 1 de outubro, lle chegará como a calquera veciño.

192 aviso, algúns era repetidos. 6 retirados por particular. 3 non contestados. 47 aínda non se retiraron e 133 foron retirados.

2.- Este pasado verán deronse varias incidencias por mor das medusas na praia de Cesantes, e de contaminación por enterococcus faecalis e escherichia coli nas praias de Chapela e Cesantes.

Estas incidencia son coñecidas de anos anteriores nos areais de Chapela por mor principalmente da depuradora de Teis-Vigo pero nas praias de Cesantes tratouse dun caso aillado, pero non menos grave, xa que por mor desta contaminación se tivo que poñer a bandeira vermella e incluso suspender unha proba de natación dunha travesía a nado.

Ante esta incidencia que non se puxo en coñecemento da empresa Aqualia para que investigaran a procedencia da contaminación e incluso, sin ter datos fiables, o concelleiro de medio ambiente fixo declaracións na prensa de que o foco do ver!do estaba centrado na illa de San Simón e que farían as averiguacións pertinentes.

E por iso que a día de hoxe e como nada mais se supo deste desgraciado episodio, preguntamos

¿Cal era a procedencia do vertido de fecais na praia de Cesantes no pasado mes de agosto e que medidas se tomaron para evitar que volva a pasar?





**RESPOSTA:** o concelleiro Roberto Villar di hai que diferenciar se en esa data había un vertido na praia de Cesantes, o que se fixo foi unha analítica das augas e seguir o protocolo. Non se detectou ningún vertido.

### **ROGOS:**

#### **Rogo formulado polo GPM PP**

Nas últimas semanas foron moitas as peticións que a veciñanza está a presentar por escrito e persoamente ante a falta de axilidade para dar resposta ou solución dende os distintos departamentos do Concello.

Resumimos algunhas das demandas solicitadas para que tomen nota.

Colocación de sinais de limite de tonelaxe na parroquia de Vilar de Infesta por mor dos camións de gran tonelaxe que circulan para unha empresa de escavacións e derribos, reparacións de losetas rotas na rúa Pai Crespo entrando pola praza de Rivadavia, reposición de múltiples farolas fundidas espalladas por todo o Concello, limpeza mais a miúdo e a fondo da rúa Prata e zona do casco vello da vila, retirada de todo tipo de voluminosos que levan meses depositados a carón dos contenedores e que dan unha mala imaxe do noso pobo, mais agora coa gran cantidade de peregrinos que pasan por Redondela. Rogamos se poñan a traballar arreo para mellorar e dar conta das innumerables peticións que a diario solicitan os veciños e veciñas que non atopan resposta.

#### **Rogo formulado polo GPM PP**

Señora Rivas o día 15 de xuño, na toma de posesión do seu cargo. Diríxese a o pobo de Redondela, e no seu discurso, escoitamos entre outras, palabras como estas, leo textualmente, construír un novo goberno que faga da igualdade, a equidade, a xustiza social e a participación cidadá, sinais de identidade, un camiño para que vos, non sexades simples espectadores, senón que teñades participación activa no goberno, que teñades voz no concello, o camiño que hoxe iniciamos non é, nin pode ser, a labor dun goberno en solitario, senón que ten que ser, debe de ser, un traballo de todo o conxunto da cidadanía, un dos eixos fundamentais do noso goberno vai ser a política de igualdade, vou loitar, vou desenvolver, traballarei, queremos tenderlle a man a oposición creemos no dialogo e na cooperación para





CONCELLO DE REDONDELA

achegar proxectos que respondan as demandas da cidadanía. Hai unha semana inauguraron unha exposición para visivilizar a discriminación da muller. Digo inauguraron porque foron so vostedes. Non se invitou ao grupo do partido popular. Nos entendemos e defendemos que a politica de igualdade e un dos eixos fundamentais, como vostedes ben dicía na primeira parte do seu discurso. Facemos falla tódalas persoas. Por iso non podemos etar mais en desacordo por coma continua a súa declaración de intencións, eu, eu, vou, vou vou, traballarei na defensa da igualdade e a loita contra a violencia de xénero todos temos que sumar polo que rogamos non se volva a repetir es situación e conte co grupo maioritario deste pleno, o partido popular para todos os actos institucionais desde concello.

RESPOSTA: pide desculpas se foi así. En 8 anos non se nos invitaba a nada.

E sendo as once horas e cincuenta e cinco minutos do día indicado no encabezamento, a sra. Alcaldesa dá por rematada a sesión, da que se redacta a presente acta e da que, como secretaria, dou fe.

